

# CIENCIAS SOCIAIS

## REPASO TEMA 6: A INDUSTRIALIZACIÓN

### Actividades para repasar o tema 6

- 1.- Que cambios se produciron na agricultura no século XVIII?
- 2.- Debuxa unha máquina de vapor e explica o seu funcionamento.
- 3.- Que supuxo a invención da máquina de vapor? Como repercutiu no ferrocarril?
- 4.- Que cres que supuxo para o tráfico marítimo a invención do barco de vapor?
- 5.- Cales eran as condicións de vida e de traballo dunha familia obreira? Por que nas fábricas había tantas mulleres e nenos?
- 6.- Que intereses defendían os sindicatos?
- 7.- En que consiste unha folga? Por que é un medio de presión sobre os empresarios?
- 8.- Que é a sociedade de clases? Por que xorde? Que nova clase social aparece?
- 9.- Cantas clases sociais hay durante o século XIX? Que características ten cada unha delas?
- 10.- Que influencia tivo a revolución industrial na arquitectura?
- 11.- Que materiais eran os máis utilizados nas novas construcións?

### Enlaces informativos

- [https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=208&v=DXpLcKWY93w&feature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?time_continue=208&v=DXpLcKWY93w&feature=emb_logo)
- <https://www.youtube.com/watch?v=koi1IjGnyyI>
- <https://www.youtube.com/watch?v=IN7-SkzEEgg>
- <https://www.youtube.com/watch?v=ECQUWIGTZm0>
- <https://www.youtube.com/watch?v=eZtmICILJWM>

Ademáis dos enlaces proporcionados, os alumnos poden empregar outras fontes de información.

# CIENCIAS SOCIAIS

## TEMA 7: DO ABSOLUTISMO AO LIBERALISMO

### A CRISE DO ABSOLUTISMO

Na Idade Moderna había en Europa unha forma de goberno chamada monarquía absoluta (absolutismo).

Na monarquía absoluta o rei ou monarca concentraba na súa persoa todo o poder:

- Poder lexislativo (elabora as leis)
- Poder executivo (governaba aos seus súbditos)
- Poder xudicial (facía cumprir as leis)

O rei, a nobreza e o clero eran as clases privilexiadas porque eran os propietarios das terras e por riba non pagaban impostos.

Os burgueses e os campesiños tiñan que pagar impostos e non tiñan dereito ningún.

Ao final do século XVIII, cansos de tanta inxustiza o pobo decidiu poñer fin a esta situación. Quería acabar cos privilexios da nobreza e elixir aos seus gobernantes. A esta forma de pensar chamóuselle ILUSTRACIÓN.

### A REVOLUCIÓN FRANCESA

En Francia, en 1789, os burgueses apoiados polos campesiños, artesáns e comerciantes defenderon a Ilustración e organizáronse para acabar co absolutismo. Foi a REVOLUCIÓN FRANCESA.

Triunfou unha nova forma de gobernar, o LIBERALISMO, que se baseaba en:

- Na Declaración dos Dereitos do Home
- Na Constitución
- No dereito ao voto
- Na división de poderes

## **A GUERRA DA INDEPENDENCIA**

En 1808, Napoleón (emperador francés) co pretexto de conquistar Portugal, invadiu España.

Destronou a Fernando VII e impuxo ao seu irmán Xosé I Bonaparte como rei de España.

O exército español venceu aos franceses na batalla de Bailén (1808) e continuou a guerra durante 6 anos ara que se derrotou definitivamente a Napoleón en 1814.

Fernando VII regresou ao trono.

## **OS ESPAÑOIS ANTE A INVASIÓN FRANCESA**

Existían dous grupos:

- os AFRANCESADOS: minoría que colaborou cos franceses.
- Os PATRIOTAS: maioría que se opuxo aos invasores. Uns eran absolutistas e outros liberais.

## **A CONSTITUCIÓN DE 1812 (A PEPA)**

Os patriotas elixiron aos seus representantes que acudiron a Cádiz, única cidade que non fora ocupada polos franceses. Estes representantes formaron as Cortes de Cádiz e redactaron a Constitución de 1812 (A Pepa) na que se recollen os principios básicos do liberalismo.

## **VOLTA AO ABSOLUTISMO**

Derrotado Napoleón, Fernando VII regresou a España. Os liberais esperaban que se convertese nun monarca constitucional pero non aceptou a Constitución e volveu o absolutismo.

As colonias americanas non aceptaron a volta ao absolutismo e independizáronse.

Os liberais, ao mando do coronel Riego, conseguiron que o rei aceptara a Constitución e houbo un TRIENIO LIBERAL, pero, pasados eses tres anos o rei volveu a impoñer o absolutismo.

Como só podían gobernar os homes e Fernando CII só tivo fillas, anulou a lei Sállica, que prohibía reinar ás mulleres.

## **O REINADO DE ISABEL II**

Cando morreu Fernando VII, sucedulle no trono a súa filla Isabel, pero como só tiña tres anos fíxose cargo do goberno a súa nai María Cristina.

Os liberais apoiaban a Isabel (isabelinos).

Os absolutistas apoiaban a Carlos, irmán de Fernando VII (os carlistas).

Estalou unha guerra entre isabelinos e carlistas e venceron os isabelinos apoiados polos liberais.

Co goberno liberal, España converteuse nunha monarquía liberal (con constitución, dereito ao voto, co chamado sufraxio censatario, división de poderes...)

## **OS ESPAÑOIS NO LIBERALISMO**

Naceron diferentes partidos políticos:

- OS LIBERAIS (pensan que só deben votar as persoas que teñen propiedades)
- OS DEMÓCRATAS (pensan que todos, ricos e pobres, teñen dereito a votar)
- OS REPUBLICANOS (pensan que os gobernantes teñen que ser elixidos polo pobo)

As mulleres non tiñan dereito a voto.

## **O SEXENIO DEMOCRÁTICO**

Os demócratas e republicanos iniciaron unha revolución contra Isabel II e conseguiron que fuxira ao exilio. O que querían era que caera a monarquía española e chegara a democracia.

Ao longo de seis anos houbo en España:

- Un goberno provisional
- Unha nova monarquía
- A 1ª república (que só durou uns meses a causa dun golpe militar)

## **A RESTAURACIÓN MONÁRQUICA**

O fillo de Isabel II, Afonso XII, regresou a España e foi proclamado rei.

Cando morreu sucedeu o seu fillo Afonso XIII.

España perde as últimas colonias na guerra de Cuba ante EEUU (Cuba, Porto Rico e Filipinas).

## **OS PARTIDOS POLÍTICOS NA RESTAURACIÓN**

Formáronse dous grandes partidos:

- O partido conservador (defendeu o sufraxio censatorio)
- O partido liberal (defendeu o sufraxio universal)

A pesar de que se aprobou o sufraxio universal o sistema político non era realmente democrático porque existía o caciquismo (os caciques eran persoas influíntes que exercían unha forte presión para que os cidadáns votasen polos candidatos que eles querían).

## **TEMA 8: ESPAÑA E GALICIA NO SÉCULO XX**

O século XX en España caracterízase por:

- A alternancia de sistemas democráticos e ditaduras militares, e
- unha terrible Guerra Civil que durou 3 anos (1936-1939).

### **A MONARQUÍA DE AFONSO XIII**

Gobernaba Afonso XIII. Intentábase democratizar o sistema político e acabar co caciquismo.

Por mor dunha guerra en Marrocos (onde se situaba a colonia española do Rif) houbo moitos conflitos e tensións.

Aproveitou esta situación o xeneral Primo de Rivera e impuxo unha ditadura que durou 7 anos.

### **A SEGUNDA REPÚBLICA**

Dimite Primo de Rivera e gañan as eleccións os partidos republicanos. Proclámase a Segunda República (1931). Afonso XIII tivo que abandonar España.

Coa Segunda República aprobouse a Constitución que ampliaba os dereitos dos cidadáns e emprendéronse certas reformas sociais como:

- Acabar cos latifundios
- Limitar o poder do exército e da Igrexa
- Conceder a autonomía a Cataluña, País Vasco e Galicia.

### **OS PROBLEMAS DA REPÚBLICA**

Durante a República non deixou de haber moitas tensións políticas entre os partidos de esquerda e de dereitas.

Tres anos máis tarde da proclamación da República gañaron as eleccións os partidos de dereitas e como consecuencia paralizáronse as reformas da República. Era o ano 1933.

No 1936 volveron a gañar as eleccións os partidos de esquerda e entón os partidos contrarios á República apoiaron unha sublevación militar que dividiu a España en dous bandos e desembocou nunha *GUERRA CIVIL*.

## **A GUERRA CIVIL**

Durou 3 anos (1936-1939). España quedou dividida en dúas zonas:

- A dos militares sublevados ao mando de xeneral Franco.
- A do goberno republicano.

Acabaron gañando os franquistas e moitos republicanos tiveron que fuxir de España (exilio) para evitar as represalias dos vencedores.

## **AS MULLERES NO SÉCULO XX**

As mulleres reclamaron o dereito ao voto e a igualdade de dereitos:

- no traballo
- nos estudos
- ante a lei
- na política

## **O FRANQUISMO (1939-1975)**

Chámase franquismo ao novo réxime político imposto pola ditadura do xeneral Franco, que non tiña en conta a vontade dos cidadáns.

Características do franquismo:

- Acumulación de todos os poderes en Franco.
- Inexistencia dunha constitución.
- Prohibición de partidos políticos e sindicatos. Só había un partido: Falange Española, e un sindicato CNS (Central Nacional Sindicalista).
- Persecución e encarceramento dos que se opoñían ao réxime.
- Supresión das autonomías.

## A POSGUERRA

Nos primeiros 29 anos despois da guerra, a poboación pasaba moitas penurias porque carecía de produtos de primeira necesidade como alimentos e roupa.

España era unha autarquía (abastecíase cos seus propios recursos).

Existía a cartilla de racionamento coa que só se podía mercar a cantidade de alimentos que o goberno decidía.

Pero a partir de 1960 España tivo un gran desenvolvemento económico:

- a agricultura mecanizouse
- a industria aumentou
- creceu o turismo

A poboación marchou do campo á cidade (éxodo rural). O nivel de vida dos españois aumentou.